



Galicia

Desenvolvemento dos Acordos do Diálogo Social en Galicia (10/12/2019)

PROGRAMA DE AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS REMUDISTAS

CONVOCATORIA PARA O ANO 2020

Obxecto

A través da incentivación do contrato de remuda, este programa ten a finalidade de favorecer a substitución nos cadros de persoal das empresas, das persoas traballadoras próximas á xubilación por persoas mozas menores de 30 anos desempregadas ou cun contrato formativo na mesma empresa, ou menores de 35 anos cun contrato temporal na mesma empresa ou persoas desempregadas maiores de 45 anos, garantindo a non destrución de postos de traballo unha vez que as persoas traballadoras que os ocupaban rematen a súa vida activa.

Persoa remudista

- Persoa desempregada no momento da contratación menor de 30 anos ou maior de 45 anos.
- Persoa menor de 30 anos que teña concertada na mesma empresa un contrato en prácticas ou para a formación (neste último caso ata os 25 anos de idade), ou que desenvolva nela un período de prácticas non laborais (Real decreto 1543/2011).
- Persoa menor de 35 anos con contrato de duración determinada concertado coa empresa, sempre que este pase a ser contratado indefinido e exista compromiso por parte da empresa de contratación dunha persoa traballadora adicional.

Entidades beneficiarias

- Empresas que teñan a condición de peme, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, que realicen contratos de remuda para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter una taxa de estabilidade mínima dun 70 % no mes anterior.
- A retribución anual mínima será de 14.000 euros da persoa traballadora remudista, no caso de que o contrato sexa a tempo completo e, en todo caso, cumprirse coas retribucións mínimas do convenio colectivo de referencia.

Contía dos incentivos

- Axuda de 7.500 euros por cada contrato realizado.
- Incrementaranse nun 5 % nos seguintes casos, que son acumulables entre si: Se a persoa contratada é muller, se a persoa contratada é unha persoa con discapacidade e se a actividade da entidade solicitante pertence ao ámbito de sectores estratéxicos.
- O incremento será dun 10 % no caso de postos en que o remudista vaia desenvolver funcións relacionadas coa adaptación tecnolóxica da empresa.

Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

O prazo comezará o día seguinte ao da súa publicación no DOG (DOG nº118 / mércores, 17 de xuño de 2020) e rematará o 30 de setembro de 2020, con carácter xeral.

Compatibilidade

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

O prazo comezará o día seguinte ao da súa publicación no DOG (DOG nº118 / mércores, 17 de xuño de 2020) e rematará o 30 de setembro de 2020, con carácter xeral.

PROCEDEMENTO

O procedemento de concesión non ten a consideración de concorrencia competitiva, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

INFORMACIÓN